

Pola outra parte desta folia escribe os datos do libro, de que se trata e as razón polas que o recomendas. Recorta e envía ao cole.

Aquí o teu nome e de que alumno/a eres pai, nai, irmán, avó...

EN ABRIL, LIBROS MIL

Recomendaremos, compartiremos, difundiremos... libros que nos gustaron. Nenas, nenos, familias e mestres... no papel, no ordenador, coa nosa voz, coa nosa imaxe...como queiramos.

**Hora de ler compartida:
Quen nos lerá hoxe?
Que libro nos vai ler?
Sorpresa...**

5º e 6º recibiremos a visita de An Alfaya, autora dos libros que lemos este curso nas aulas.

O DÍA 23, PROGRAMA ESPECIAL DA RADIO ESCOLAR A CARGO DOS AXUDANTES DA BIBLIOTECA

Biblioteca De Leirado

3º trimestre 2011-2012

EN
ABRIL
LIBROS
MIL



“Resultaba insólito ver aquela pequerrecha de pelo escuro, cos pes colgando, sen chegar ao chan, totalmente absorta nas maravilhosas aventuras de Pip e a señorita Havishman e a súa casa chea de arañeiras dentro do máxico feitizo que Dickens, o gran narrador, soubera tecer coas súas palabras. O único movemento da lectora era o da man cada vez que pasaba unha páxina. A señora Phelps sentía mágoa cando chegaba o momento de acercarse a ela e dicirlle: Son as cinco menos dez, Matilda”.

(Matilda, *Roald Dahl*)



COMPARTE AS TÚAS LECTURAS

Seguro que algunha vez te engancho un libro, fixo que te sentises absorto sen poder parar de ler, fixo que te sentises ben, fíxote rir, chorar, Cóntanos cal foi ese libro e comenta algo sobre el. Poida que interese a outros lectores ou lectoras. Participa connosco nas actividades de “abril, libros mil” enviando o teu comentario.

